

HIPÓTESE SOBRE O DESENVOLVEMENTO E AS DESIGUALDADES

MIGUEL CANCIO ÁLVAREZ

Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 10 marzo 1997

Aceptado: 19 maio 1997

INTRODUCCIÓN

Daniel Cohen¹, na obra *Riquezas do mundo, pobreza das nacións*, sinala: "Todo o relativo ó feito de atribuírlle á mundialización as crises que sofren os países ricos é falso ou case. As transformacións que están a ter lugar se manifestan en todo tipo de oficios e de sectores, estean ou non en contacto coa economía mundial. Débense fundamentalmente ó feito de dúas grandes evolucións, a dous cambios da maior importancia: á revolución informática e á masificación da ensinanza e moito menos ó comercio, aínda moi débil, cos países pobres".

Cohen debería analizar con maior profundidade a influencia non só directa senón tamén indirecta do mercado e o seu desenvolvemento —e, polo tanto, da mundialización que non é máis ca unha manifestación deste desenvolvemento mercantil— nas crises dos países industriais avanzados. Se á miña vila, A Veiga, —onde hai un mercado intercomarcal importante os sábados, onde, por poñer por caso, un albardeiro, gracias ó seu esforzo e imaxinación, abandonou o sector agrícola en crise e foi capaz de crear unha pequena empresa de bolsos, fundas, etc.—, chegan en masa numerosos produtos dos países asiáticos emerxentes e doutras áreas a prezos espectacularmente baixos, o que deu lugar a que os fabricantes, os produtores da zona, como é caso do albardeiro reciclado e doutros moitos, sexan varridos ata o punto de, primeiro, verse obrigados a despedirlos traballadores que tiñan empregados e, despois, pecha-las súas empresas por non poder facerlle fronte á competencia mundial, ás cargas fiscais, sociais, municipais, autonómicas, centrais...

Cohen formula, tamén, neste traballo que se, dende occidente, non tivesemos tanto medo ó exterior, poderíamos ver máis serenamente o que está acontecendo no mundo non-occidental: o acceso ó desenvolvemento de países que representan a inmensa maioría da humanidade, seguindo os pasos que antes deu Europa nos séculos XIX e XX, pero de forma máis acelerada. Asia parece estar inaugurando

¹ Catedrático de ciencias económicas en L'École Normale Supérieure e na Universidade de París I Panthéon-Sorbonne, é autor, entre outros traballos, dos seguintes: *Richesse du Monde, Pauvretés des Nations* (Flammarion, 1997) e de *Les Infortunes de la Prosperité*, que acaba de ser editado (xaneiro-febreiro, 1997) como libro de peto.

os seus "trinta anos gloriosos" cos mesmos ingredientes que deron lugar ó despegue de Europa: moito traballo, moito aforro e un grande esforzo de educación.

África está máis atrasada ó non ser capaz de poñerlle fin a unha economía baseada na explotación primaria: a das mulleres polos homes, a das zonas rurais polas urbanas e a de numerosos países polas súas corruptas elites políticas, polas velhas e novas *nomenklaturas*...

Claro que habería que sinalarlle a Cohen que o medo occidental non está repartido por igual. Téñeno moito máis metido no corpo aqueles axentes e grupos sociais que sofren moi directamente as consecuencias dunha competencia mundial encarnizada que non se para en bandas, non ten en conta o arrasamento laboral, industrial, socioeconómico, etc. de amplas zonas, sectores, colectivos... E isto está acontecendo cando, non só hai leis nacionais e, sobre todo, internacionais que en teoría imponen o respecto ós dereitos humanos, cidadáns, democráticos, laborais, etc., o respecto a unha xusta competencia coas debidas garantías laborais, sociais, etc., senón tamén cando hai diversas institucións internacionais que teoricamente están encargadas de velar para que se cumpran, para que se respecten eses dereitos e garantías. Incluso, as nacións máis poderosas do mundo (o grupo dos sete-G7), a OCDE, UE...), ademais das Nacións Unidas, reúnen periodicamente para velar en teoría polo "equilibrio internacional", pola orde socioeconómica, xeoestratéxica... internacional, por un "comercio mundial lícito", polo respecto ós dereitos humanos...

Cohen, no seu traballo, lembra tamén que a distancia entre os países ricos e pobres é un fenómeno recente, de hai, como moito, dous séculos; e que tratar de reducir as distancias supón avanzar polo camiño da igualdade. O problema reside, di Cohen, en que á vez que se reducen as distancias entre (algúns) países ricos e pobres do mundo, as desigualdades van en aumento en occidente. Nos EE.UU., aínda que reducen o paro ou o manteñen nuns índices baixos (o 6% ou menos), as desigualdades medran pola política de baixos salarios, de explotación das minorías e, aínda máis, dos emigrantes ilegais. En varios puntos dos EE.UU., como en California, déronse bastantes casos de neoescravismo. En Europa medran de xeito exponencial as desigualdades co forte aumento do paro. España leva a palma do paro, do paro xuvenil, da precariedade laboral, dos accidentes laborais, da fraude laboral, etc., e tamén unha das palmas da *corrupción empresarial-sindical-estatal co gasto de centos de miles de millóns de pesetas en "formación para o emprego" que non consegue emprego pero si beneficiar e enriquecer a moitos, a demasiado píllo, vivo... que anda solto e con prepotencia dando gato por lebre en nome do emprego e do que se lles poña por diante...*

Nesta situación occidental, as vítimas son os traballadores menos cualificados, con menos redes socioeconómicas... para lle facer fronte á nova mutación mundial. O máis preocupante, sinala Daniel Cohen, é que as desigualdades sociais están aumentando no seo dos grupos sociais, están provocando o estoupido das solidariedades tradicionais e dos núcleos duros do vínculo social: na fábrica e no lugar de traballo, na escola e noutros centros educativos, na familia, na nación...

A terceira revolución industrial da guerra económica de todos contra todos está impondo, segundo Cohen, a lóxica dos *aparellamentos selectivos*: os fortes únense cos fortes e os competentes cos competentes. Os que non teñen forza, non posúen nin capitais, nin o saber dicir, nin as maneiras, nin as representacións... que imponen os tempos, vense condenados a unha vida económica, política, administrativa, urbana..., en resumo, a unha vida social somerxida, subterránea, a un circuíto paralelo ó legal; vense condenados á marxinação, vense excluídos, vense relegados á caridade e, incluso, nin a iso.

Cohen di que darse de conta desta situación e explicala correctamente supón xa dotarse dos medios, da-los primeiros pasos para formulala correctamente, para intentar resolvela. Tamén di que non hai que buscar falsas explicacións, nin vítimas expiatorias...

Sobre o desenvolvemento, o crecemento nas súas múltiples facetas e implicacións, véxase o excelente número da revista *Problèmes Économiques. Selection de Articles Français et Étrangers*, núm. 2.510-2.511, (5-12 marzo 1997), titulado "La Croissance Économique. Pourquoi la Croissance? La Croissance pour quoi?" ("O crecemento económico: ¿Por que e para que o crecemento?"), onde se inclúen os seguintes capítulos: "O crecemento de onte a hoxe", "As novas contribucións teóricas", "O papel incerto dos actores do crecemento", "Os gañadores e os perdedores", "Dúbidas sobre o crecemento" e "O desafío do crecemento". Inclúense artigos como "O crecemento mundial dende 1820 a 1992", "Democracia, estabilidade e crecemento" (*The World Bank Research Observer*), "¿Por que unhas nacións son ricas e outras pobres? (*The Journal of Economic Perspectives*)", "O dinamismo rexional do crecemento económico", "A mundialización, o crecemento frouxo e as desigualdades", "Converxencia, desigualdades e crecemento". "¿Como definir un bo crecemento económico?: PNUD informe mundial sobre o desenvolvemento humano", "¿Crea empregos o crecemento?", "Os custos ecolóxicos do crecemento", "Os instrumentos de medida do crecemento postos en cuestión", "A grande ilusión do crecemento" (por Daniel Cohen), "O sentido do progreso" (por Jean Paul Fitoussi).

Neste número dáse tamén unha lista de artigos que, sobre o crecemento económico, publicou a devandita revista nos anos 1994, 1995 e 1996.

AS DESIGUALDADES CONTRA O CRECIMENTO

De seguido traducímo-lo artigo "Les Inégalités Contre la Croissance" ("As desigualdades contra o crecemento"), do que é autor Daniel Cohen, publicado en *Le Monde-Économie* (martes, 18 de febreiro de 1997).

Robert Lucas, recente premio Nobel de Economía, analizou no seu traballo "Making a Miracle"², os datos económicos de Corea do Sur e Filipinas en 1960,

² Publicado en *Econometrica*, vol. 61, pp. 251-272. 1993.

que presentaban unha situación moi similar no tocante ó ingreso *per cápita*, ás taxas de escolarización, á taxa de materias primas nas exportacións, á taxa ou indicador do nivel de urbanización...

Trinta anos máis tarde, a relación de ámbolos dous países no económico pegou unha viraxe: Corea é un dos milagres económicos con taxas anuais de crecemento do 6%, mentres que Filipinas progresou ó ritmo anual do 2% de crecemento.

O premio Nobel Lucas, para explicar estes feitos, di que as nacións teñen un potencial obxectivo de crecemento pero que a mobilización xeral deste potencial require circunstancias que ás veces son milagrosas. Corea tívoas e Filipinas non.

Roland Benabou (economista francés que ensina na Universidade de Nova York), no seu traballo *Inequality and Growth* (NBER Macroeconomic Annual, MIT Press, 1996), retomou o estudio de Lucas e engadiulle, á descrición aparentemente similar de ámbolos dous países que facía Lucas, unha diferenza que para el é esencial á hora de explica-lo boom coreano: *o problema das desigualdades*.

Calquera que sexa o indicador retido, Corea dende o principio móstrase sempre como un país moito máis igualitario ca Filipinas. En Filipinas, o 20% dos máis ricos da poboación gañaban en 1960 máis de cinco veces có 40% dos máis pobres, mentres que en Corea a relación era de 2 a 1.

A análise da correlación entre desenvolvemento económico e desigualdades é un dos temas antigos da economía política. O premio Nobel Simon Kuznets, en 1955, presentaba unha hipótese que ía lanza-la polémica durante longo tempo. Existe, segundo Kuznets, unha curva en U ó revés (o que se denominaría *curva de Kuznets*) entre desenvolvemento económico e desigualdades. Os países moi pobres e os países moi ricos coñecen estruturas de ingresos relativamente igualitarias, pero o paso dunha situación a outra esixe unha transición que promove nun principio o reforzo da estrutura de desigualdades para, nunha fase posterior, dar lugar ó seu decrecemento, á súa diminución. A partir de Kuznets, e destas hipóteses, publicáronse un gran número de traballos empíricos sobre este asunto nos que as súas conclusións sinalan que a curva de Kuznets non existe. Un exemplo diso sería o caso coreano: unha economía onde as desigualdades foron baixas e permanecen na mesma liña ó longo do seu percorrido cara á prosperidade.

Despois destes traballos, desenvolvéronse outro tipo de análises, de hipóteses como a que defende a escola de Roland Benabou. Este di que non é o desenvolvemento o que provoca o aumento das desigualdades, senón que son estas, as desigualdades, as que frean o desenvolvemento.

Máis dunha vintena de estudos referenciados por Benabou establecen que medran máis lentamente aquelas sociedades onde as desigualdades son maiores. ¿A que se debe esta situación?, ¿cales son os mecanismos en xogo? Alúdense dous principalmente.

O primeiro é de carácter político. As sociedades con máis desigualdades exercen sobre o sistema político unha presión redistributiva máis forte o que provoca unhas cargas obrigatorias, unhas cargas fiscais máis pesadas, o que acaba por blo-

quear, por retarda-lo desenvolvemento. Argumento que ten intereses teóricos, pero que non se verificou empiricamente, pois as sociedades con maiores desigualdades sociais non son as que presentan as maiores taxas de redistribución. Máis ben, sucedería o contrario.

O segundo factor está relacionado coa educación. As sociedades máis igualitarias teñen máis éxitos económicos, ó ofrecer unha educación de masa ós seus membros. Canto máis igualitaria é unha sociedade, hai un consenso maior para ofrecer unha escola pública aberta a todos. Nas sociedades con maiores desigualdades, sucede o contrario: a educación de masas será rexeitada polos ricos ó considerar que, precisamente, por ser de masas perde en calidade. Se se acepta que a educación é un factor importante para contribuír ó crecemento económico, cómprese que as sociedades con maiores desigualdades se caracterizan por menos cargas obrigatorias e menos crecemento³.

Estas formulacións poden servir para aclarar-la evolución de Corea e Filipinas. Se se observan as políticas realizadas nestes países, conséntase que sociedades máis igualitarias, como é o caso de Corea, son as que levaron a cabo unha política de cargas obrigatorias e fiscais máis forte, dúas veces máis elevada cá de Filipinas. E, tamén, é en Corea onde a política educativa foi máis agresiva no tocante á escolarización primaria e secundaria, pois os alumnos escolarizados nos institutos, na segunda ensinanza, pasaron en Corea do 40%, en 1960, a se-lo 95% en 1985, mentres que Filipinas pasaron, na mesma época, do 50% ó 65%.

É difícil atribuírlles a estes factores a importancia cuantitativa que serviría para explica-las distancias no crecemento entre estes dous países e, tal vez, subsista, a

³ N.T.: O problema reside en determinar a partir de qué cargas e impostos se producen efectos contrarios ós buscados; a partir de qué cargas se mellora ou retarda, se bloquea o desenvolvemento, se xeran máis taxas de paro, subemprego, menores investimentos, menor dinamismo socioeconómico, empresarial..., se potencia o diñeiro negro, a corrupción...

Verificouse empiricamente que se potencia claramente o desenvolvemento económico ó fomenta-la competencia lícita e ética en igualdade de armas; ó estar menos apoiada, menos arraigada, en múltiples sectores, ámbitos, axentes, institucións públicas e privadas, a cultura corporativa, a nomenclatura funcional, clientelar, neofeudal e tecnoburocrática; ó diminuí-las cargas públicas que gravan a iniciativa, a capacidade de emprender, de crear licitamente riqueza e distribuí-la. Así mesmo, se potencia o desenvolvemento socioeconómico a medida que se ataca a voracidade de estados e institucións malgastadoras, dilapidadoras e, incluso, corruptas; que se potencia loitar contra as rixideces laborais, burocráticas, administrativas, corporativas, empresariais, contra as socioeconómicas subsidiadas, subvencionadas... nas que se manteñen innecesaria, artificial, clientelar e politicamente sectores cunha rendibilidade económica case nula... e que a medio e longo prazo son moi perniciosos individual e socialmente.

Así mesmo, o problema da educación hai que analízalo non só en termos cuantitativos, con ser moi importantes —é dicir, que tódolos nenos, tódalas persoas sen distinción teñan acceso á educación nos diferentes niveis, na función pública e noutros empregos e postos sociais, sen privilexios, sen favoritismos económicos, políticos, ideolóxicos, relixiosos, simbólicos, étnicos, administrativos, profesionais, sindicais, culturais, sexuais, sociais...—, senón tamén en termos cualitativos. Falamos, neste caso, dunha educación que faga posible unha integración laboral e social digna, que lles facilite ós axentes unha formación técnica, profesional pero tamén integral, crítica, cidadá, reflexiva, creativa, polivalente... para enfrontarse, non só ó traballo e á economía —o que é esencial: que o axente debidamente orientado e cos medios convenientes poida formarse adecuadamente naquilo que máis lle gusta, no que cre que pode dar máis de si e que, consecuentemente con iso, poderá crear e redistribuír riqueza para contribuír ó benestar social—, senón tamén ó mundo e á vida; para que poida facerlles fronte ós seus desafíos, responder unhas preguntas e dar paso a outras, para vivir mellor individual e socialmente, de maneira máis xusta, crítica, creativa e solidaria; para realizarse plenamente...

pesar da antedita análise, unha parte de "milagre" no éxito coreano. En calquera caso, as desigualdades bloquean o desenvolvemento económico e as sociedades que tratan de escapar a elas fan que os "milagres" sexan moito máis posibles⁴.



⁴ N.T.: Isto é, que os milagres, ademais de viren do ceo, teñen que ver, por riba de todo, co que fan os homes na terra, coas políticas que poñen en xogo. Segundo a acción dos homes, segundo as políticas que levan a cabo, poderase xerar un maior desenvolvemento, máis humano, creativo, limpo, convivencial, solidario, ético, integrador...; ou, pola contra, un desenvolvemento máis inxusto, insolidario, corrupto, excluínte, racista, depredador, fundamentalmente inhumano, dominado pola erosión, pola desertización das relacións humanas, pola polución material e inmaterial dos ecosistemas naturais, humanos, cósmicos...

En Corea do Sur —a do Norte vive unha catástrofe de grandes proporcións, con gravísimos problemas de represión, abastecemento, fame masiva..., trátase dun país que, coma outros da órbita marxista-leninista, ofrecera a revolución, a aparición do home novo nun sistema novo sen opresións, explotacións, alienacións, dominacións... e que na práctica real impuxo unha férrea e sanguinaria dictadura sobre o proletario onde a nomenclatura instalada impón autoritaria e violentamente a súa lei, a lei da represión, o totalitarismo—, despois de pasar nos anos 50 e 60 do atraso ó que se entende pola "abundancia estilo occidental", vive, dende finais de 1996 e en 1997, unha gran mobilización laboral e social que protesta por un sistema socioeconómico que mellorou notablemente os indicadores económicos de desenvolvemento ó uso, pero que mantén amplas cotas da poboación nunhas moi duras condicións de vida e traballo. Condicións que, agora, co forte desenvolvemento da guerra económica mundial ó entrar no xogo do mercado China e outros países emerxentes, ó liberalizarse o comercio mundial, quérense enduacer para competir máis e mellor... Un sistema socioeconómico que se desenvolve no marco dunha sociedade democrática bastante limitada nos seus dereitos e onde a corrupción alcanzou cotas moi altas...